



BOMBEIROS



MEMORIA 2025



INDICE

1.1 Saúda da Concelleira	Páxina 03
2.1 Organigrama	Páxina 05
3.1 Tempos de resposta en intervencións urxentes	Páxina 06
3.2 Tempos en sinistros	Páxina 07
4.1 Visitas escolares ao S.E.I.S.	Páxina 08
5.1 Actividades preventivas	Páxina 09
5.2 Reténs Preventivos	Páxina 10
5.3 Informes Técnicos	Páxina 11
5.4 Simulacros	Páxina 12
5.5 Comparativa cos anos anteriores	Páxina 13
5.6 Revisión de hidrantes	Páxina 14
6.1 Intervencións realizadas	Páxina 17
7.1 Comparativa 2011 - 2023	Páxina 18
8.1 Distribución horaria das intervencións	Páxina 20
9.1 Distribución semanal e mensual das intervencións	Páxina 21
10.1 Intervencións realizadas outros concellos	Páxina 21
11.1 Medios materiais	Páxina 22
12.1 Presupostos	Páxina 24
13.1 Plantilla de persoal	Páxina 25
14.1 Víctimas rescatadas en emerxencias	Páxina 27
15.1 O Servizo nas redes	Páxina 28

SERVIZO DE EXTINCION DE INCENDIOS E SALVAMENTO

MEMORIA 2025

O servizo de bombeiros segue, un ano máis, coa súa tarefa de Servizo Público en garantir a seguridade dos cidadáns alí onde son requiridos, xa que as súas actuacións non se circunscriben só ao ámbito municipal da Coruña, senón que tamén son requiridos por municipios limítrofes a colaborar cos seus servizos de seguridade e emerxencia, co apoio deste goberno municipal. Así se poden destacar as 4 veces que se actuou fora do ámbito do concello

As tarefas que o servizo de bombeiros realiza son moi diversas e cada vez máis especializadas, sendo punteiro o noso servizo, non só en Galicia senón en España con unidades como a Prevención, onde temos a primeira ordenanza contra incendios de Galicia , destacando a nosa aposta polos escolares destacando a semana da prevención que realizamos cada ano, e por protexer á poboación en todos os eventos de masas que se celebran na nosa cidade, ou mantendo a rede de hidrantes da cidade operativa, nun traballo permanente de mellora continua; traballos estes que non se ven, pero que sen eles, cando cheguen as intervencións, veríanse mermadas e difíciles de controlar.

Quero felicitar especialmente o labor que desempeñaron todos e cada un dos membros do colectivo, xa que redobraron os seus esforzos nas súas tarefas habituais, seguindo uns protocolos moi estritos tanto no traballo de parque, como nas intervencións. E moi especialmente o esforzo que fixeron este ano na vaga de incendios forestais que arrasou Galicia, estando presentes en todos os sitios que nos requiriron as autoridades autonómicas como Ourense, Ponteceso etc.

Como sempre o grupo de rescate acuático prepárase durante todo o ano, para chegar no menor tempo posible a calquera lugar do noso litoral para axudar a quen o necesite. Tamén co seu labor de prevención nas alertas por temporal, vixiando as nosas costas. Destacan as súas 103 saídas que tiveron. Nesta memoria do ano 2025 alcanzáronse as **2026 intervencións** fronte ás 1.914 do ano 2024.

Non só é importante o número de intervencións, que dá un reflexo do esforzo dos nosos bombeiros, senón que ademais téntase facer un traballo con calidade, chegando pronto aos sinistros cunha media do 84,87 % en chegar ao sinistro en menos de 12 minutos, desde que se recibe a chamada ata estar non lugar do sinistro, e en menos de 5 minutos nun 25,94 %, mellorando os niveis doutros anos. Iso amosa o compromiso por un traballo pola calidade e a mellora continua coa que está comprometido o concello e o servizo de Bombeiros.

Tamén é importante o que se tarda en solucionar o problema ao cidadán, e así, en menos de 45 minutos, solucionáronse o 67% das intervencións.

O Concello segue apostando por este servizo e así un ano máis superará o millón de euros en investimentos e 400.000 en mantementos e gastos propios do servizo, tendo como obxectivo seguir sendo un dos mellores parques de Galicia, e no que atinxe as cidades da nosa categoría, en toda España.

Con estes datos, pódese dicir que o ano 2025 foi un ano que seguiu a ser especial para o Servizo de Bombeiros, que se adapta perfectamente ás circunstancias e a sociedade que nos toca vivir.

Quero rematar agradecendo o demostrado compromiso e vocación de todos os compoñentes do seu persoal.

Con isto sei que podo trasladar en nome da cidade da Coruña o noso maior agradecemento ó Servizo de Bombeiros e o noso total apoio polo labor que realiza.

Montserrat Paz Romero
Concelleira de Atención Cidadá e Seguridade

Montserrat Paz Romero

Concelleira de actuación cidadá e Seguridade Cidadá

ORGANIGRAMA



TEMPOS DE RESPOSTA EN INTERVENCIONS URXENTES


Houbo 903 intervencións urxentes cos seguintes tempos de resposta:

Minutos en chegar	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14
Nº Intervencions	11	24	25	40	63	82	93	93	87	82	69	42	44	35
%	1,22	2,66	2,77	4,43	6,98	9,08	10,30	10,30	9,63	9,08	7,64	4,65	4,87	3,88

Minutos en chegar	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28
Nº Intervencions	22	17	8	10	10	9	7	4	6	10	3	3	2	2
%	2,44	1,88	0,89	1,11	1,11	1,00	0,78	0,44	0,66	1,11	0,33	0,33	0,22	0,22



Tempos de chegada a sinistro



TEMPOS EN SINISTRO

MINUTOS	Nº de siniestros
0-15 min.	642
15-30 min.	498
30-45 min.	224
45-60 min.	114
60-90 min.	188
90-120 min.	72
120-180 min.	125
180-240 min.	80
Mais de 240 min.	83
	2026



O 67% dos siniestros solucionáronse en menos de 45 minutos

Para efectuar o presente cálculo non se tiveron en conta
“Falsas alarmas” ni “Saídas sen intervención”

VISITAS ESCOLARES AO S.E.I.S

O noso obxectivo é informar a todas as escolas dos medios humano e recursos materiais dispoñibles polo parque de Bombeiros da Coruña, mediante visitas programadas polo alumnado ao parque ou conferencias nos propios centros educativos.

É tamén importante que o alumnado coñeza como responder a unha situación de perigo polo lume. Rapaces e rapazas pásano en grande cos bombeiros e sorpréndelles a exposición dos nosos coches onde poden subirse en eles, ver o material e loxicamente sacar fotos.

No ano 2025, recibíronse **65 visitas** de colexios visitando o parque de bombeiros 1.359 nenos/as e 95 profesores/as.

Invertéronse en ditas visitas **260 horas**




ACTIVIDADES PREVENTIVAS 2024

ACTIVIDADES	Nº actividades
Docencia	28
Reténs	139
Visitas escolares	65
Simulacros	71
Informes técnicos	270
Plans e proxectos	17
Total	590


ACTIVIDADES	Nº Horas
Docencia	300
Reténs	3186
Visitas escolares	260
Simulacros	255
Informes técnicos	1350
Plans e proxectos	1600
Total	6.951

Nº Horas



■ Docencia
 ■ Reténs
 ■ Visitas escolares
■ Simulacros
 ■ Informes técnicos
 ■ Plans e proxectos


Nº actividades



■ Docencia
 ■ Reténs
 ■ Visitas escolares
■ Simulacros
 ■ Informes técnicos
 ■ Plans e proxectos

SERVIZOS DE RETÉNS PREVENTIVOS.

Evento	Unidades	Horas
Espectáculos deportivos: 35	35	2.266
Espectáculos no exterior: 37	37	
Espectáculos no interior: 295	29	
GRA: 7	7	70
Semana da Prevencion: 10	10	225
otras actividades preventivas: 19	19	625
TOTAL	137	3.186




REALIZACION DE INFORMES TÉCNICOS.

Estes informes, de carácter multidisciplinar, están relacionados maioritariamente coa materia de prevención e de seguridade contra incendios. Devanditos informes son solicitados dende a cidadanía (particulares e comunidades) ámbito privado (centros comerciais, residencias, industria, etc.), e desde as diferentes concellerías locais (educación, cultura, servizos sociais, etc.) ou outras administracións (Xunta, Delegación de Goberno, diferentes Forzas de Seguridade do Estado, etc.). O contido dos devanditos informes é variable (normativa, accesibilidade, instalacións contra incendios, actuacións de intervención do servizo, etc.).

Tamén se realizan informes técnicos de intervención e investigación en emerxencias do servizo de interese (ben por magnitude ou por consecuencias graves).

Así mesmo se resollen multitude de consultas ou dúbidas técnicas de particulares sen informes (non se fai a solicitude de rexistro). Para a clasificación dos devanditos informes se distribuíron da seguinte maneira:



SIMULACROS.

A realización de simulacros ten como obxectivos a verificación e comprobación de:

- A eficacia da organización de resposta ante unha emerxencia.
- A capacitación do persoal adscrito á organización de resposta.
- O adestramento de todo o persoal da actividade na resposta fronte a unha emerxencia.
- A suficiencia e idoneidade dos medios e recursos asignados.
- A adecuación dos procedementos de actuación.

Estes simulacros pretenden a activación total ou parcial das accións contidas e expostas anteriormente, dentro deste apartado de Plan de Actuación en Emerxencias.


A realización dun simulacro permitirá verificar tanto a operatividade do plan de Autoprotección como detectar posibles deficiencias na súa implantación. Por iso resulta imprescindible realizar unha avaliación do mesmo, con obxecto de poder extraer conclusións prácticas que permitan á persoa titular da instalación mellorar os aspectos que mostrasen deficiencias.

Desde o departamento de prevención colaborouse na realización directa ou indirectamente (desde os rexistros telefónicos, observación e avaliación, ata directamente mediante intervención ou rescate). A participación do servizo nos simulacros estrutúrase da seguinte maneira:

- Centros docentes (escolas infantís, CEIPs, centros de ESO, formación profesional, universidades, etc.).
- Industria (ámbito do sector químico, transportes, normativa seveso, etc.).
- Centros de pública concorrencia (hoteis, centros comerciais, etc.).
- Centros administrativos (edificios públicos, oficinas, etc.).
- Outros (de ámbito moi variado como: Hospitais, comercio, vivenda, etc.).

Requerimientos	Unidades	Horas
Centros docentes: 34	34	
Industria: 17	17	
Centros comerciales: 5	5	
Centros administrativos: 9	9	
Publica Concorrencia: 4	6	
TOTAL	71	255


71 simulacros empregando 255 horas



COMPARATIVA COS ANOS ANTERIORES


	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025
ACIVIDADES	Unidades	Unidades	Unidades	Unidades	Unidades	Unidades	Unidades	Unidades
Docencia	39	21	3	29	26	35	59	28
Reténs de seguridade	123	125	43	66	121	133	135	137
Simulacros	43	33	21	35	35	71	63	71
Visitas escolares	130	110			50	51	72	65
Informes técnicos	157	81	49	86	103	130	203	270
Plans e proxectos	9	0	5	18	5	6	6	17
Total	501	370	121	234	340	426	538	588

Atendendo ao nº de actividades



	2.018	2.019	2.020	2.021	2.022	2.023	2.024	2025
ACIVIDADES	Horas	Horas	Horas	Horas	Horas	Horas	Horas	Horas
Docencia	157	85	15	347	347	395	660	300
Reténs de seguridade	2.552	2.421	489	987	2.608	2.687	2.921	3186
Simulacros	108	66	79	99	182	250	225	255
Visitas escolares	374	312			200	204	288	260
Informes técnicos	894	486	294	516	618	750	1.015	1350
Plans e proxectos	1.376	0	904	368	400	500	1.300	1600
Total	5.461	3.370	1.781	2.317	4.355	4.786	6.409	6951

Atendendo ao nº de horas dedicadas



REVISION DE HIDRANTES

No ano 2025 continuamos destinando 3 horas diarias para una revisión de hidrantes, en horario de 10:00 a 13:00, saíndo a ditas revisións unha semana de cada mes.

Hai que ter en conta que, como en anos anteriores, en algunhas ocasións non se puido completar o horario previsto para unha revisión, debendo regresar o persoal ao parque, principalmente por emerxencias que en principio requirían da súa presenza na base.

No ano 2025, o obxectivo proposto foi realizar unha única revisión de cada hidrante, debido a que a experiencia dende que asumimos esta labor demostra que as variacións entre revisións son insignificantes. Ademais, todos as quendas realizaron unha revisión en todos os distritos varias veces, o que permitiu un maior coñecemento da situación dos hidrantes da cidade por parte dos bombeiros.

En canto ás deficiencias atopadas nas revisións periódicas dos hidrantes, na súa maioría coinciden coas de anos anteriores, referíndose a falta de tapas nos hidrantes aéreos e nas arquetas, a falta de drenaxe ou a acumulación de terra, especialmente nas zonas axardinadas.

Cabe destacar que cada ano atopamos menos lixo dentro dos hidrantes aéreos aos que lles faltan tapas.

Do mesmo xeito que en anos anteriores, debemos agradecer aos departamentos de urbanismo e infraestruturas a boa comunicación cos bombeiros á hora de informarnos sobre futuras obras que poidan afectar aos hidrantes ou de consultar a necesidade de novos hidrantes en zonas onde se van realizar novas obras.

Tamén debemos agradecer a colaboración de EMALCSA co servizo de bombeiros e a boa comunicación, informándonos dos hidrantes nos que hai que pechar as acometidas, ben por problemas do propio hidrante ou por obras nas tubaxes de auga que poidan afectalos. Tamén hai que mencionar a rapidez coa que acoden á nosa chamada cando temos un problema coa válvula de peche dalgún hidrante e teñen que intervir sobre acometida para evitar a perda de auga.

Os hidrantes da cidade están repartidos en 10 distritos que se asignan as diferentes quendas de maneira rotativa, polo que cada dous anos e medio, cada quenda revisou todos os hidrantes de cada distrito da cidade. Así conseguimos que todos os bombeiros coñezan a situación e características dun grande número de hidrantes, facilitando o traballo en caso de ter que utilizalos nunha intervención.

Como revisións repartíronse por quendas do seguinte xeito:

- Na quenda A saíron 18 bombeiros, que necesitaron 27 horas.
- Na quenda B saíron 14 bombeiros, que necesitaron 21 horas.
- Na quenda C saíron 14 bombeiros, que necesitaron 21 horas.
- Na quenda D saíron 14 bombeiros, que necesitaron 21 horas.
- Na quenda E saíron 16 bombeiros, que necesitaron 21 horas.

As revisións realizadas en cada distrito foron as seguintes:

- Distrito 1 : Realizáronse 5 saídas para revisar 69 hidrantes cunha media de 13,8 hidrantes por día.
- Distrito 2 : Realizáronse 4 saídas para revisar 52 hidrantes cunha media de 13 hidrantes por día.
- Distrito 3 : Realizáronse 3 saídas para revisar 46 hidrantes cunha media de 14,6 hidrantes por día.
- Distrito 4 : Realizáronse 3 saídas para revisar 42 hidrantes cunha media de 14 hidrantes por día.
- Distrito 5 : Realizáronse 6 saídas para revisar 87 hidrantes cunha media de 14,5 hidrantes por día.
- Distrito 6 : Realizáronse 2 saídas para revisar 26 hidrantes cunha media de 13 hidrantes por día.
- Distrito 7 : Realizáronse 9 saídas para revisar 127 hidrantes cunha media de 13,3 hidrantes por día.
- Distrito 8 : Realizáronse 2 saídas para revisar 26 hidrantes cunha media de 13 hidrantes por día.
- Distrito 9 : Realizáronse 2 saídas para revisar 25 hidrantes cunha media de 12,5 hidrantes por día.
- Distrito 10 : Realizáronse 4 saídas para revisar 54 hidrantes cunha media de 13,5 hidrantes por día.


No ano 2025 realizáronse un total de 40 saídas para revisar 554 hidrantes , cunha media de 13,85 hidrantes por día .

O total de persoal utilizado foi de 80 bombeiros , que necesitaron 240 horas .

Hai que engadir tamén que se precisaron 80 horas para a comprobación e reparación de hidrantes marcados con anomalías nos datos de revisión. Estas tarefas foron realizadas polo responsábel da sección de hidrantes.




Nº de intervencions realizadas (2.026 en total)




**COMPARATIVA DE INTERVENCIÓNS DO ANO 2025
CON RESPECTO A ANOS ANTERIORES**


Intervencions realizadas	2023	2024	2025
Accidentes de trafico / con atrapados	8	8	11
Accidentes de trafico / comprobacion	15	12	13
Actividade interna / Mantemento	13	21	21
Actividade interna / Practica de Gra	87	92	103
Actividade preventiva / Comprobacion accesos,	109	115	99
Actividade preventiva / preventivo eventos	106	109	125
Asistencia sanitaria	42	60	90
Asistencia técnica / apeos / apontoamento	5	3	3
Asistencia técnica / Apertura forzada	197	178	306
Asistencia técnica / árbores	30	8	15
Asistencia técnica / carteis / pancartas / sinais	34	37	34
Asistencia técnica / comprobación	13	30	44
Asistencia técnica / comprobacion e retirada ni	137	44	37
Asistencia técnica / derrubamentos	7	9	3
Asistencia técnica / Limpeza de via	179	174	186
Asistencia técnica / outros	98	108	81
Asistencia técnica / postes e cables	22	19	18
Asistencia técnica / retirada obstaculos	12	16	26
Asistencia técnica / Saneamento fachadas e te	246	185	189
Auga / anegamentos	41	28	47
Gas / tecnolóxicos	52	72	92
Incendios industriais	13	6	2
Incendios forestais	26	24	31
Incendios urbanos	173	374	246
Incendios vehículos	35	32	22
Incendios varios/ comprobacion	66	62	74
Outros	6	5	5
Salvamento / Rescate	97	83	95
Desconexión de alarmas			
Falsas alarmas	32		8
Total	1.901	1.914	2.026

ANO / Nº INTERVENCIONS






Nº Intervencións por día da semana



Nº de intervencións por mes



Intervencións por concellos.

MUNICIPIO	INTERVENCIONS
A Coruña	2022
Arteixo	3
Bergondo	1

MEDIOS MATERIAIS

VEHICULOS DE ALTURA		
A B E 51	Bronto- Scania F 45 XR 45 metros	0351 KGB
A E A 55	Mercedes Riffaud 20 metros	8572 KVS
A E A 53	IVECO Magirus 30 metros	8467 FBY
A E A 54	IVECO Magirus 30 metros	4376 JBM
BOMBAS		
B U L 11	Incipresa Mercedes 1.000 litros	C 3991 CC
B U L 12	Mercedes Sprinter 1.000 litros	2086 GPD
B U L 13	Mercedes Rosembauer 1500 litros	1883 - KXG
B U P 22	Mercedes Benz 3.500 litros	3562 FVY
B N P 32	Mercedes Benz 8.000 litros	8547 GSJ
B N P 33	Iveco Stralis 6x2 12.000 litros	4878 HZW
B F P 41	Mercedes Benz Forestal 3.000 litros	5961 BSG
B F P 42	Mercedes Benz Forestal 3.000 litros	3236 GMC

VEHÍCULOS LIXEIROS		
U M J 01	Peugeot 3008	8430 JYG
U M J 02	Toyota RAV4	3364 MHK
U M J 03	Mercedes nova sarxentos	7342 KPF
U M J 04	Fiat Punto	5008 KHW
U M J 05	Seat Ibiza	9810 GMC
U M J 06	Nissan X-Trail	2529 CGS
U P C 07	Volkswagen Transporter	6587 FKC
U P C 08	Volkswagen Caddy	4134 HNT
U P C 09	Toyota pickup	2128 KHR
U P C 10	Fiat Doblo	5768 KHV
U P C 11	Fiat Ducato	4116 KHW
U T P 12	Autobus Iveco	4681 MLJ
U P C 13	Volkswagen cady	1192 KNX
U P C 14	Mercedes vito 8 plazas	5085 KZP

VEHÍCULOS VARIOS		
FSV 61	Incipresa Mercedes	C 0468 BF
AGL 62	IVECO Plataforma	0314 DTZ
VPC 63	Mercedes Benz 1836	0716 GMM
FUV 64	Mercedes Sprinter 4.4	7874 HSW
FRA 65	Mercedes Sprinter 4x4	4168 JBC
BLC 66	Mercedes Benz Atego1.000 litros	7172 GMH
FRV 67	Mercedes Benz Atego1.000 litros	7172 GMH

CONTENEDORES		
C P M 80	Posto de Mando Avanzado	
C M P 81	Materias Perigosas	

REMOLQUES		
REL 71	Remolque Escuma	
RMB 72	Remolque xerador	
RGE 75	Xerador Leston15 kvas	R 7937 BCC
RGE 76	Xerador Torre 30 kvas	R 4514 BCJ
RPR 78	Remolque de Prevención	R 7539 BCJ
RLG 79	Remolque Lancha G.R.A	R 4783 BCR
	Remolque Lancha neumática	R 1452 BDF
	Plataforma Elevadora HAULLOTE	

Outros medios materiais:

- 150 Extintores
- 50 Radioteléfonos
- 100 Máscaras equipos autónomos
- 76 Pulmo-automáticos equipos autónomos
- 52 Espaldeiras
- 150 Botellas aire comprimido
- 10 Botellas aire comprimido buceo
- 50 Lanternas antideflagrantes
- 4 Equipos excarceración
- 6 Motoserras
- 2 Bombas achique de gran caudal
- 6 Electro bombas
- 1 Equipo oxicorte
- 5 Medidores O₂, gases explosivos, CO₂ y H₂
- 3 Ventiladores presión positiva
- 2 Equipos de corte por plasma
- 3 Cámaras de visión térmica
- 12 Xeradores de corrente
- 1 Rampa de carga de botellas e 2 compresores
- 7 Traxes mergullo
- 1 Pantalán

- 2 mantas para incendios vehículos eléctricos
- 1 Colchón salvamento suicidas

PRESUPOSTO DE GASTOS

Contas de gasto 2025		
Aplicación	Definición	Total
20300	Arrendamento de maquinaria, instalacions e utillaxe	1.500,00 €
21200	Reposicion e mantemento edificios e construccions	12.000,00 €
21300	Reposicion e mantemento de maquinaria, instalacions, etc	12.000,00 €
21400	Reposicion e mantemento de material de transporte	110.000,00 €
21500	Reposicion e mantemento mobiliario e enseres	200,00 €
22000	Ordinario non inventariable	100,00 €
22103	Combustibles e carburantes	29.000,00 €
22104	Vestuario	19.000,00 €
22106	Productos farmaceuticos	3.000,00 €
22110	Productos de limpeza e aseo	3.000,00 €
22111	Suministro repostos de maquinaria, utillaxe e elementos de transporte	3.000,00 €
22199	Outros suministros	18.000,00 €
22500	Tributos estatais	2.500,00 €
22602	Publicidade	100,00 €
22610	Matriculacions, ITV e outros gastos parque móvil	3.000,00 €
22699	outros gastos diversos	1.000,00 €
22700	Limpeza	50.297,87 €
22799	Traballos realizados por outras empresas	55.000,00 €
	Total	322.697,87 €

Contas de inversión 2025		
Aplicación	Definición	Total
62300	Nova maquinaria, instalacions e utillaxe	165.555,56 €
62400	Novo material de transporte	785.000,00 €
63200	Inversion reposicion edificios e outras construccions	105.000,00 €
	Total	1.055.555,56 €

PLANTILLA DE PERSOAL DESDE O ANO 1927


ANO	BOMBEIROS	CABOS	SARXENTOS	SUBOFICIAL	OFICIAL	XEFE	TOTAL
1927	12						12
1930	18	1					19
1940	18	1					19
1950	18	1					19
1960	20	1					21
1970	30	1					31
1980	46	4	1				51
1985	50	5	0	1			56
1990	80	4	1	0	1		86
1995	75	7	4	1	1		88
2000	79	5	5	1	1		91
2001	75	5	5	1	1	1	88
2002	70	8	5	2	1	1	87
2003	76	8	5	2	1	1	93
2004	84	7	6	2	1	1	101
2005	82	7	6	2	1	1	99
2006	91	7	5	2	1	1	107
2007	86	11	5	2	1	1	106
2008	86	11	5	2	1	1	106
2009	86	9	6	2	1	1	105
2010	80	11	6	2	1	1	101
2011	76	11	6	2	1	1	97
2012	78	10	6	2	1	1	98
2013	75	9	6	2	1		93
2014	79	9	5	2	1		93
2015	78	9	5	2			94
2016	82	7	6	4			99
2017	81	7	6	3			97
2018	72	14	6	3			95
2019	80	14	6	3			103
2020	80	14	6	2			102
2021	80	14	6	2			102
2022	78	14	6	2			100
2023	77	12	6	1	1		97
2024	77	10	6	1	1		95
2025	84	9	6	1	1		101

CADRO DO PERSOAL SEGÚN IDADES

De 30 a 35	6
De 36 a 40	9
De 41 a 45	13
De 46 a 50	29
De 51 a 55	19
Mas de 56	25

Idade media 50 anos

O 14 de marzo de 2009 aprobouse o R.D. 383 polo que se establece o coeficiente redutor da idade de xubilación a favor dos bombeiros, o que permitiu reducir a idade do persoal




Referido a 31 de decembro de 2025


VÍTIMAS RESCATADAS EN EMERXENCIAS

Incendios urbanos	19
Accidente circulación	20
Rescate acuático	2
Outros sinistros	15
Axudas e asistenciais sanitarias	49
Total vítimas rescatadas	105

Vítimas rescatadas en emerxencias



Gravidade das vítimas





APAGÓN NACIONAL, NIVEL 2 DO PLATERGA

O gran apagamento do 28 de abril de 2025 foi un dos fitos operativos máis esixentes para o corpo de Bombeiros da Coruña. A desconexión do sistema eléctrico peninsular provocou un "cero" total na cidade da Coruña que se prolongou durante máis de 12 horas. Baixo a activación do **Gabinete de Crise municipal**, o Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento (SPEIS) mobilizou a totalidade dos seus efectivos dispoñibles.

A **primeira fase** da emerxencia centrouse no Salvamento Técnico, co rescate masivo de persoas atrapadas en ascensores (só nas primeiras horas, liberouse a 90 persoas que quedaron atrapadas en ascensores e garaxes en diversos puntos da cidade) e a monitorización de instalacións críticas como a Refinaría (onde as antoxas de seguridade xeraron unha alarma social controlada).

A **segunda fase**, iniciada na madrugada do 29 de abril co retorno do fluxo eléctrico, derivou nunha serie de incendios estruturais en cociñas debido á reactivación de electrodomésticos desatendidos. O operativo saldouse con **108 intervencións directas**, demostrando a capacidade de resposta e coordinación do corpo en situacións de colapso de infraestruturas críticas.



GRANDES INCENDIOS FORESTAIS. OURENSE

Cooperación Territorial e Intervencións en Grandes Incendios Forestais. (provincia de Ourense)

Durante o período estival, e ante a gravidade dos incendios que afectaron á provincia de Ourense, que provocou que a Consellería do Medio Rural declarase a **"situación 2"** do PEIF (Plan de Emerxencia por incendios forestais de Galicia) para a totalidade da provincia de Ourense, o SPEIS da Coruña mobilizou dotacións de reforzo en apoio aos servizos de emerxencias desta provincia. Estas intervencións centráronse principalmente na **protección de interfaces urbanas e defensa de núcleos de poboación** ameazados polo lume. O persoal desprazado realizou tarefas de extinción e refresco en xornadas de alta intensidade, destacando a **capacidade de mobilización de recursos fóra do noso ámbito habitual en situacións de emerxencia autonómica**.

BombeirosCoruña @bombeiroscoruna · 12/08/2025
#IFAGranxaOimbra | Non sempre chegamos a tempo, pero intentámolo.
#Verín #ourense



BombeirosCoruña @bombeiroscoruna · 12/08/2025
#IFAGranxaOimbra | A zona asinada para #BombeirosCoruña nada máis chegar xa presentaba algunha dificultade ao estar moi preto de núcleos de poboación. #ourense



BombeirosCoruña @bombeiroscoruna · 13/08/2025
Traballando en #Vilaza
Os compañeiros desprazados aos da provincia de #Ourense van intentar protexer este grupo de casas que xa lles está chegando o lume.
Coidado e facede todo o que poidades.



BombeirosCoruña @bombeiroscoruna · 13/08/2025
A provincia de Ourense enfrontase a graves incendios forestais en nivel 2 de emerxencia.
Dende A Coruña, mobilizamos dotacións de bombeiros para colaborar nas labores de extinción e control.
Forza, Ourense. Estamos ao voso lado.
#BombeirosCoruña #Ourense #Nivel2



BombeirosCoruña @bombeiroscoruna · 12/08/2025
Dende A Coruña, 5 bombeiros e 1 mando desprazámonos á provincia de Ourense para colaborar na extinción e control dos graves incendios que a afectan, en nivel 2 de emerxencia.
BNP+BFP+VMando
Estamos ao voso lado, Ourense
#BombeirosCoruña #Coruña #Ourense #IFOurense

La Región @LaRegion · 12/08/2025

Concello da Coruña @ConcelloCoruna · 12/08/2025
A Coruña mobiliza tres dotacións de bombeiros en resposta á solicitude do centro de atención de emerxencias para axudar no incendio de Verín



BombeirosCoruña @bombeiroscoruna · 13/08/2025
Ourense | A noite foi intensa e os avisos continuos. Desprazamentos curtos e rápidos para salvar vivendas e cobertizos.
Agora están por Medeiros
#IFAGranxaOimbra #verín
Segundo turno en camiño



Concello da Coruña @ConcelloCoruna · 1/09/2025
Inés Rey recibe a unha delegación de bombeiros da Coruña que participou na loita contra os incendios en Ourense e Lugo
Preto de 50 efectivos coruñeses, con apoio de tres vehículos especializados, participaron no dispositivo galego



INCENDIO FORESTAL CORME-ALDEA

Incendio Forestal de Corme (Ponteceso)

Especial relevancia tivo a intervención no incendio forestal declarado en Corme (Ponteceso). Debido á proximidade do lume a zonas habitadas, pola que a Consellería do Medio Rural declarou a **“situación 2”** do PEIF (Plan de Emerxencias por incendios forestais de Galicia), o corpo de Bombeiros da Coruña desprazou medios materiais e humanos para colaborar coas brigadas forestais e parques comarcais.

A actuación foi clave para evitar que as chamas alcanzasen as vivendas periféricas nunha xornada marcada polos fortes ventos, que dificultaron as tarefas de control. Esta operación subliña o papel do noso servizo como referente de apoio técnico e operativo na zona norte da provincia.



INCENDIOS DE ALTO IMPACTO SOCIAL NA CORUÑA


O exercicio 2025 caracterizouse por unha serie de sinistros que, pola súa virulencia ou a gravidade das súas consecuencias, supuxeron un reto excepcional para o SPEIS da Coruña. Máis alá das cifras, estas intervencións testemuñan o compromiso do corpo coa salvagarda da vida humana en contextos de extrema dificultade.

1. Emerxencias con Vítimas Mortais:

Os incendios nas rúas **Vila de Carral** (agosto) e **San Isidoro** (novembro) foron os máis tráxicos do ano. Nestes servizos, a toxicidade do fume e a rápida propagación polos edificios foron os factores críticos, obrigando a realizar manobras de rescate e reanimación en condicións extremas.

Un sinistro de complexidade engadida, foi o de **Paseo de Ronda** (decembro), na que nos atopamos cun escenario de violencia e esixiu unha coordinación total coas forzas de seguridade e sanitarios para sufocar un incendio intencionado que conmocionou á cidade.

Outro incendio que non tivo un bo final foi o da rúa **San Jaime** (abril), no que atopamos a unha muller inconsciente por inhalación de gases do incendio dun armario da súa vivenda e que finalmente faleceu no CHUAC.



INCENDIOS DE ALTO IMPACTO SOCIAL NA CORUÑA

2. Gran Incendio Estrutural (Rúa Barrera, xuño):

O lume declarado nun edificio ocupado supuxo o maior reto operativo en canto a carga térmica e risco de propagación. A intervención evitou unha catástrofe no casco histórico, protexendo os edificios lindeiros tras o desaloxo de sete bloques de vivendas.

Voces de A Coruña @vocescoruna · 10/06/2025
Siete edificios, el 30 incluido, tuvieron que ser desalojados por seguridad. Los vecinos del 29 de San Nicolás a esta hora todavía no han podido volver a sus hogares. Mientras tanto @bombeiroscoruna siguen trabajando #VDAC



La Voz de A Coruña @vozcoruna · 10/06/2025
Arde por completo el edificio okupa de la calle Barrera, en A Coruña. El incendio quedó controlado sobre las 7.00 horas, aunque algunos efectivos de @bombeiroscoruna permanecen aún en el lugar para realizar comprobaciones y asegurar la estructura
C. Quián



Onda Cero Coruña @OndaCeroCoruña · 10/06/2025
Incendio de madrugada en el número 30 de la calle Barrera de A #Coruña. En el lugar, desde las 2.50, @bombeiroscoruna y la Policía Local. Está extinguido y resultó dañado el edificio de atrás, que da a San Nicolás. No hay heridos.



Eloy TP @EloyTP · 10/06/2025
#Coruña - 12 horas después del incendio 🔥 del edificio 🏢 de la calle Barrera todavía continúan en la zona los equipos de emergencia 🚒🚒



Inés Rey @inesreygarcia · 10/06/2025
Quiero agradecer la rápida actuación de @bombeiroscoruna en el incendio de esta noche en la Barrera. A estas horas, continuamos trabajando en la zona.

Desde Servicios Sociales estamos trabajando con las personas que han tenido que ser desalojadas.



BomberosCoruña @bombeiroscoruna · 10/06/2025
#IntervencionCoruña
Incendio en edificio
2.51 h
Rúa Barrera, 30 #Coruña
8 dotacións
@Policia_Coruna
@RtsuCoruna

SempreCelta @gsvilarinhoo · 10/06/2025
En resposta a @gsvilarinhoo, @EloyTP e 2 usuarios máis
Fai 15 minutos que chamei aos bombeiros, están os veciños petando a chamadas e de momento só hai un policía local coa comisaría a 10 minutos a pe



COPE Coruña @copecoruna · 10/06/2025
Los @BomberosCoruña siguen en el edificio okupa de la calle Barrera que destruyó un voraz incendio
El fuego se extendió a un edificio de San Nicolás y los vecinos no saben cuándo podrán volver a sus casas
"Sabíamos que iba a suceder"



TRÁFICOS MORTAIS

Sinistralidade Grave na Avda. de Alfonso Molina (AC-11)

O último trimestre do ano estivo marcado por dous accidentes de extrema gravidade na Avenida de Alfonso Molina que requiriron manobras de excarceración por parte do SPEIS. O primeiro, o **25 de novembro**, tras o impacto dun turismo contra un piar do viaduto de San Cristóbal que resultou no falecemento dunha moza de 20 anos; e o segundo, o **15 de decembro**, á altura da factoría de Coca-Cola, onde unha condutora perdeu a vida tras volcar o seu vehículo.

